



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA Nº 2020/5

Sesión ordinaria do Pleno da Corporación

- casa da cultura ,28 de agosto de 2020 -

O día 28 de agosto de 2020 , ás 19:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación, na casa da cultura do Concello de Cerdido , co gallo de manter o distanciamento social recomendado polo Ministerio de Sanidade pola crise do Covid -19

Preside: Benigno Galego Castro

Asisten: Patricia Santalla Perez,,David Prada Aneiros,Candido-Eusebio Prieto
Lago,Cristian Carrodegua Graña,Rocio Martinez Martinez Maria-Amalia Diaz
Rodriguez,Alberto Javier Rey Paz

Ausencias:Marina Tojeiro Martinez,

Secretaria – Interventora:Paula Diaz Tie

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1 Aprobación se procede, da acta 2020/4 do pleno ordinario reunido o día 15/06/2020. A concelleira Amalia Díaz Rodriguez ,intervén para facer unha aclaración a unha intervención súa no pleno anterior en relación a unha foto do paseo de Pontellas , para indicar que a súa intervención era para pedir unha explicación pola utilización dunha foto súa, no facebook particular do alcalde, realizada hai tres anos para revertir unha crítica polo estado do paseo. Os concelleiros por maioría dos asistentes aprobaron a acta anterior .Seis votos a favor dos concelleiros Patricia Santalla Perez,,David Prada Aneiros,Candido-Eusebio Prieto Lago,Cristian Carrodegua Graña, Maria-Amalia Diaz Rodriguez,Alberto Javier Rey Paz e unha abstención da concelleira Rocio Martinez Martinez

2.- Festivos locais 2021. A secretaria deu lectura a seguinte proposta da Alcaldía :Dada a posibilidade de establecer dous días de cada ano natural como festas locais, segundo establece o artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores esta alcaldía propón ó pleno a aprobación da seguinte proposta: **Primeiro** - Establecer como festivos locais para o ano 2021, os días que determine os membros do pleno .**Segundo-** Remitirlle copia deste acordo a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar .Cerdido , 25 de agosto de 2020.o alcalde. Benigno Galego Castro . **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes acordaron fixar como festivos locais para o ano 2021 os día 16 de febreiro e 24 de xuño de 2021.**

O Concelleiro Alberto Rey Paz , suxire como festivo local o día 7 de decembro dado que está entre dous festivos

O alcalde propón o día martes de entroido e o día de san Xoan , xa que non se sabe con certeza os días das festas das parroquias , e en relación o festivo de decembro cree que hai sectores que non poden estar pechados tantos días seguidos .

3.- Aprobación da conta xeral do ano 2019 . A secretaria deu lectura a proposta da Alcaldía seguinte : Conta xeral de 2019. Antecedentes administrativos .Ditame da Comisión informativa de Contas , reunida o día 29/05/2020 no que se informa favorablemente a conta xeral do exercicio económico do ano 2019.Tramite de información ao público do expediente , publicado no BOP do día 08/06/2020 .Certificado de exposición ao público ata o día 14/07/2020 , sen que se propuxera ningunha alegación .Lexislación aplicable .Artigos 208 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta Alcaldía propón ao pleno do concello a adopción do seguinte acordo : Primeiro : Aprobar a conta xeral do exercicio de 2019 que reflexa a situación financeira, económica e patrimonial, así como os resultados económicos da execución e liquidación do presuposto municipal. Segundo.- Remitir ao Tribunal de Contas toda a información e documentación recollida no expediente . **Os membros do pleno asistentes , aprobaron por unanimidade a proposta anterior .**

4.-Moción do grupo popular sobre apropiación de recursos municipais por parte do goberno. Leida a mocion que se copia deseguido :El Grupo Municipal/Provincial Popular en el Ayuntamiento de Cerdido, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Propuesta de Acuerdo/Moción:EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.Desde el inicio de la pandemia provocada por el virus COVID-19 las entidades locales (EE.LL.) pusieron en marcha medidas - adelantándose en muchos casos a las decisiones tomadas por el gobierno central- para contener la expansión del virus y preservar la salud de empleados públicos y vecinos. También fueron pioneras en implantar programas y ayudas para paliar los efectos de la crisis sanitaria, social y económica derivada de la pandemia.El extraordinario esfuerzo realizado por los gobiernos locales no se ha visto correspondido por el gobierno de España que, durante la fase más dura de la pandemia, no destinó un solo euro a apoyar a las entidades locales en su lucha contra el virus y las negativas consecuencias del mismo.Ante esta situación, las entidades locales- de todo signo político- a través de los órganos de la Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) y de los legítimos representantes de los españoles en el Congreso de los Diputados han solicitado, en reiteradas ocasiones durante los últimos meses, al gobierno de España medidas como:1 Poder disponer del 100% los remanentes de Tesorería- sus “ahorros”, los “ahorros de los vecinos”- generados durante los últimos años para implementar aquellos servicios y medidas que permitan actuar primero, contra la pandemia y después, contra la crisis sanitaria, social y económica derivada de la misma; sin poner en riesgo la capacidad financiera de la entidad local y siempre en coordinación con las CC.AA. y el Estado.2Transferencia de una parte proporcional de los Fondos Europeos que reciba España a las Entidades Locales para poder compensar el impacto del COVID19 en sus ingresos y gastos presupuestarios.3 Creación de un fondo de 5.000 millones en ayudas directas e incondicionadas a las Entidades Locales y de fondos específicos por valor más de

1.000 millones de euros para compensar el déficit en los servicios de transporte públicos y para cubrir el coste de la colaboración de las EE.LL. en la gestión del ingreso Mínimo Vital. En el mes de julio, el gobierno de España presentó a la FEMP una propuesta de acuerdo que no respondía a las necesidades y peticiones de las Entidades Locales; excluía al mundo rural y a más de 3.000 Entidades Locales que ha cerrado 2019 con deuda o no han tenido Remanente de Tesorería positivo; destruía la autonomía local reconocida en la Constitución y suponía un chantaje inaceptable a todos los Ayuntamientos y Diputaciones de nuestro país. La Junta de Gobierno de la FEMP aprobó, el 3 de agosto, con los únicos votos a favor de los alcaldes socialistas más el voto de calidad de calidad del Presidente de la FEMP, el socialista Abel Caballero. Ninguna de las restantes fuerzas políticas con representación en este órgano directivo de la FEMP apoyó esta propuesta: Partido Popular, Ciudadanos y Junts per Cat votaron en contra y los socios de gobierno de Sánchez, IU-Podemos, se abstuvieron. El 3 de agosto fue un día tristemente histórico para la institución que representa y debe proteger los intereses de todas las entidades locales puesto que, por primera vez, se rompía el consenso que siempre había presidido su actuación. El Consejo de Ministros, a pesar de que la propuesta de acuerdo no contaba con el aval de la FEMP, aprobó el 4 de agosto, el Real Decreto-ley 27/2020, de 4 de agosto, de medidas financieras, de carácter extraordinario y urgente, aplicables a las entidades locales, que mantiene los aspectos más lesivos del acuerdo rechazado por la mayoría de los miembros que integran esta institución y que incluso cambia las condiciones pactadas con los alcaldes socialistas de la FEMP el mismo día. **El gobierno ofrece un fondo de 5.000 millones € -a ingresar a las EE.LL. entre 2020 y 2021- totalmente condicionado puesto que solamente se repartirá entre las EE.LL. que entreguen al gobierno la totalidad de sus remanentes de tesorería para gastos generales a 31/12/2019** (minorado por una serie de conceptos reseñados en el artículo 3.1 del Real Decreto-ley 27/2020) durante 17 años, desde 2020 al 2037. A cambio de que las EE.LL. cedan todos los ahorros municipales, los ahorros de los vecinos, el gobierno les ofrece un fondo -que supone solamente una pequeña parte de esos ahorros- y que deberán emplear únicamente en las actuaciones definidas por el gobierno en el propio Real Decreto-ley 27/2020. En resumen, **una propuesta que esconde un chantaje inaceptable y que podría vulnerar los artículos 137 y 142 de la Constitución Española**, que consagran los principios de autonomía y suficiencia financiera como base de la gestión de las entidades locales. Por lo expuesto, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Cerdido, presenta la siguiente: **PROPUESTA DE ACUERDO**. Manifestar: 1. el apoyo expreso del Ayuntamiento al recurso de inconstitucionalidad que el Grupo Popular en el Congreso de los Diputados presentará contra el Real Decreto-ley 27/2020 para defender los intereses de todas las entidades locales y los ahorros de todos los vecinos. 2. el profundo rechazo de este Ayuntamiento al procedimiento negociador que el Gobierno de España ha mantenido con la FEMP para lograr un acuerdo que diera una “apariencia” de apoyo unánime de las EE.LL. al Real Decreto-ley 27/2020. **Os membros do Pleno , por maioría dos presentes rexeitaron a moción anterior** . Seis votos a favor de rexeitar a moción dos concelleiros Patricia Santalla Perez,, David Prada Aneiros, Candido-Eusebio Prieto Lago, Cristian Carrodegua Graña, Rocio Martinez Martinez e o voto do Sr, alcalde e dous votos a favor da moción dos concelleiros Alberto Rey Paz e Amalia Díaz Rodriguez .

O concelleiro Alberto Rey Paz , intervén para explicar que o remanente de tesoureira do concello este ano foi de 502.963,00 € e que se reservaron 274.000,00 € para gastos xerais coa intención de usalos , si se leva a cabo o que pretende a FEMP , estes cartos non se poderían

utilizar en 10 anos , manifesta que quere resaltar o punto catro da moción no que se establece o compromiso do concello coa Lei de estabilidade presupuestaria como ferramenta para garantir o funcionamento das finanzas locais que permitiu as concellos xerar aforros que agora reclama o goberno .

O Alcalde explica que o que pretende a Lei de estabilidade presupuestaria , chamada Lei Montoro , e non utilizar os remanente de tesoureria , pretende que estes cartos estean non Bancos sen utilzalos , no anterior pleno aprobouse a incorporación de remanentes , onde o seu grupo se abstivo pola existencia dun informe de secretaria -intervención no que se advertía que a súa utilización suporia o incumprimento da Lei de estabilidade . Ademais a Lei Montoro soamente deixa gastar o remanentes en sectores determinados , non é lóxico ter 500.000,00 euros no Banco , é a xente de Cerdido pasando necesidades . En relación a incorporación de remanentes , non se gastaron aínda , fixouse por si ao final do ano eran precisos gastos extraordinarios , por agora non se gastou nada .

O concelleiro Alberto Rey Paz , manifesta a Alcaldía que el estaría disposto a debater unha moción sobre a Lei Montoro pero que é preciso falar da moción presentada e sinalada a importancia dos puntos 5 e 6 da moción que presenta para manifestar o rexeitamento a que o Goberno se apropie dos aforros acumulados dos veciños e que se respete e garantira a autonomía das Entidades locais

O alcalde afirma que en relación ao respecto a autonomía local , a Lei Montoro soamente deixa gastar os cartos en sectores determinados , esta lei hai anos que todos os concellos están solicitando derogala , o que pretende o goberno é unha cesión voluntaria mentres que a Lei Montoro é obrigatoria

A concelleira Amalia Diaz Rodriguez , pregunta a Alcaldía se se vai ceder o remanente ao Goberno

O alcalde contesta que aínda non esta decidido e que terá que vir o acordo ao Pleno

O concelleiro Candido Prieto Lago pon de manifesto que na moción se di que o goberno non apoiou aos concellos na crise do Covid -19 cando houbo moito material sanitario doado polo Goberno e distribuido pola Xunta de Galicia e a Deputación , o goberno ofreceu camións para desinfección e a policía naval estivo patrullando polo concello

O alcalde explica que o goberno non ten capacidade loxística para negociar con 8000 concellos e o que se fixo e distribuír o material as Deputación Provinciais e comunidades autónomas para a súa distribución polos concellos

O concelleiro Alberto Rey Paz , pon en dúbida que o estado non teña capacidade loxística e afirma que a xunta deu material aos concellos porque quixo , porque podería distribuilos por residencias ou hospitais , e anuncia que se vai a informar sobre este tema .

5.- Dar conta dos decretos da Alcaldía .

Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
Decreto de contratación de persoal do SAD para cubrir as vacacións do persoal	00090/2020	19-06-2020 11:31
Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno do concello de Cerdido para o día 15/06/2020	00091/2020	10-06-2020 10:52
Alta no padrón municipal de habitantes en Campo da Igrexa, 12, Os Casás	00092/2020	12-06-2020 11:07
Contratación de o para a prestación do servizo de mediación de riscos e seguros segundo o acordo marco da central de contracción da FEMP(artigo 219 LCSP)	00093/2020	12-06-2020 20:12
Concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o ano 2020 (código de procedemento MT210A).	00094/2020	15-06-2020 13:18
Solicitude Xeral a nome de asociación de produtores de madeira de Cerdido. solicita autorización de uso da casa de cultura, para o vindeiro martes día 16 de xuño, en horario de 16:00 a 20:00 horas.	00095/2020	12-06-2020 20:12
MT975I - Subvencións a entidades locais galegas para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal. Feder 2014 - 2020.	00096/2020	15-06-2020 14:22
Contrato Menor para o desbroce de vías municipais 2020	00097/2020	16-06-2020 10:45
Convocatoria selección do xuíz de paz substituto	00098/2020	16-06-2020 10:45
Contrato Menor para realizar o servizo de desinfección de contenedores de lixo	00099/2020	16-06-2020 14:03
Convocatoria selección persoal laboral temporal para limpeza e desbroce para a prevención de incendios forestais dentro do programa APROL rural da Xunta de Galicia	00100/2020	23-06-2020 12:04
Modificación presupuestaria xeración de crédito . APROL RURAL	00101/2020	19-06-2020 11:31
Transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. 2020	00102/2020	22-06-2020 09:08
Relación de recibos correspondentes ó mes de maio do 2020 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar	00103/2020	21-06-2020 23:37
Autorización para realizar as luminarias de San Xoán e San Pedro no termo municipal de Cerdido	00104/2020	22-06-2020 13:54
Convocatoria selección persoal laboral temporal PEL Deputación 2020	00105/2020	25-06-2020 12:57
Alta no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello en Carballal, 3, Cerdido	00106/2020	25-06-2020 11:58
Decreto aprobación facturas de 2020/494 a 2020/597, nóminas e outros.	00107/2020	25-06-2020 14:50
Contrato Menor de subministro de pantallas transparentes para oficinas municipais	00108/2020	25-06-2020 12:57

Autorización para a realización de luminarias de San Pedro no termo municipal de Cerdido	00109/2020	26-06-2020 10:12
Aprobación da conta xustificativa da subvención municipal 2019 ALBAR QUERCUS	00110/2020	30-06-2020 09:55
Decreto de ampliación de xornada laboral de auxiliar de axuda no fogar	00111/2020	30-06-2020 11:15
Contrato privado de alugueiro do primeiro piso de As Felgasas	00112/2020	30-06-2020 11:15
Contrato privado de alugue do primeiro piso das vivendas de As Felgasas	00113/2020	01-07-2020 11:45
Decreto para substitución de vacacións do persoal de SAD	00114/2020	02-07-2020 18:46
Contratación selección persoal laboral temporal para limpeza e desbroce para a prevención de incendios forestais dentro do programa APROL rural da Xunta de Galicia	00115/2020	02-07-2020 14:20
Contrato Menor para adquisición de material para realizar talleres culturais con nenos/as	00116/2020	10-07-2020 09:05
Aprobación da certificación Núm. 1 da obra :Reparacións no Polideportivo Municipal	00117/2020	10-07-2020 10:20
Contrato Menor para o mantemento do campo de fútbol	00118/2020	13-07-2020 11:50
Decreto de aprobación das lineas fundamentais do presuposto 2021	00119/2020	22-07-2020 14:34
Tramitación decreto conxunta de: Inicio do expediente de Subvención Nominativas 2020	00120/2020	15-07-2020 10:24
Contratación da obra :Reparacións no Polideportivo Municipal. Ampliación do prazo de execución	00121/2020	16-07-2020 11:54
Aprobación do expediente de contratación de Obras: Intalación de EDAR nos Abruñeiros Plan de Obras e Servizos POS+ 2019. Anualidade 2019.	00122/2020	20-07-2020 10:34
Solicitud da Asociación Albar Quercus para uso dunha instalación municipal para impartir clases de Pilates	00123/2020	21-07-2020 12:40
Aprobación recibos correspondentes ao mes de xuño de 2020, do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.	00124/2020	21-07-2020 12:40
Aprobación de gastos, facturas 2020/598 a 2020/709, nóminas e outros.	00125/2020	21-07-2020 13:39
Contrato Menor para a realización do recoñecemento médico aos empregados municipais	00126/2020	21-07-2020 13:39
Contrato Menor para mantemento das fotocopiadoras municipais	00127/2020	22-07-2020 14:34
Contrato Menor de obra de conservación nas cubertas do Pavillón municipal	00128/2020	22-07-2020 14:34
Contrato Menor de dirección da obra :Camiño Escote -Abelleira e outros AGADER 2020-2021	00129/2020	23-07-2020 08:54
Contrato Menor de obras de conservación do paseo fluvial	00130/2020	23-07-2020 14:24
Contrato Menor de servizos de Dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde das obras incluídas no POS 2019+2 ADICIONAL por maiores achegas :Obras Camiño Felgasas A Paleira (A Barqueira) e outros e Camiño Covelo As Mestas	00131/2020	23-07-2020 18:25
Adxudicación do Contrato de Obras .Camiño de as Felgasas a Paleira (A Barqueira)e outros	00132/2020	24-07-2020 08:06
Adxudicación do contrato de obras Camiño de O Covelo as Mestas (Os	00133/2020	23-07-2020

Casas) e outros POS 2019+ 2/ADICIONAL por maiores achegas		20:07
Contrato menor privado : Actuación teatral: "Rubicundo"	00134/2020	23-07-2020 20:08
Contrato Menor de servizos de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra :ABASTECIMIENTO AUGA A PAZOS (CERDIDO)	00135/2020	23-07-2020 20:11
Cine ao aire libre: La casa del reloj en la pared 29/08/2020	00136/2020	24-07-2020 11:21
Cine ao aire libre : BOHEMIAN RHAPSODY, 04 setembro 2020 A GALIÑA TURULECA 7 de agosto 2020	00137/2020	24-07-2020 11:21
Autorización a Asociación de Mulleres Rurais Albar Quercus para usar a casa da cultura para o curso de bordado	00138/2020	24-07-2020 11:21
Autorización a Asociación de Mulleres Rurais Albar Quercus para usar a casa da cultura para o curso de bolillos	00139/2020	24-07-2020 11:22
Autorización a Asociación de Mulleres Rurais "Albar Quercus" para usar un local de Avispeira para clases de pintura	00140/2020	24-07-2020 11:22
Contrato Menor de obra :Abastecemento de auga en Pazos	00141/2020	24-07-2020 19:26
Autorización a Asociación de Produtores de Madeira de Cerdido para usar o pavillón polideportivo para unha asemblea	00142/2020	24-07-2020 12:12
Alta no padrón municipal de habitantes en Moutillón, 4, A Barqueira	00143/2020	29-07-2020 11:14
Alta no padrón municipal de habitantes Casavella, 6, A Barqueira	00144/2020	29-07-2020 11:14
Alta no padrón municipal de habitantes deste Concello Carballal, 8, Cerdido	00145/2020	29-07-2020 11:14
Alta no padrón municipal de habitantes Casaldaia de Arriba, 11, A Barqueira	00146/2020	29-07-2020 11:14
Alta no padrón municipal de habitantes Abelleira de Arriba, 9, A Barqueira	00147/2020	29-07-2020 11:15
Subministro de 100 máscaras FFP2 KN95 e 500 máscaras cirúrxicas	00148/2020	31-07-2020 14:13
Contratación persoal servizo axuda no fogar, baixa por enfermidade.	00149/2020	03-08-2020 12:39
Relación de recibos correspondentes ó mes de xullo do 2020 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar	00150/2020	11-08-2020 13:46
Delegación das funcións da alcaldía	00151/2020	11-08-2020 12:51
Decreto de aprobación de gastos, facturas de 2020/710 a 2020/820 e outros	00152/2020	20-08-2020 12:36

A concelleira Amalia Díaz Rodríguez pregunta si non se envía xa as proposta por mail , o alcalde afirma que si , que houbo un erro que se enviaron soamente oito correos

6. Rogos e Preguntas

O concelleiro Alberto Rey Paz realiza as seguintes preguntas e rogos :

1.- Solicita información sobre as axudas aos autónomos anunciadas por un importe de 60.000,00 € e pregunta se as bases están xa redactadas .

O alcalde afirma que aínda non , que a semana pasada a Deputación sacou as bases e que haberá un pleno extraordinario para aprobalas , o expediente require entre outras cousas a solicitude de delegación de competencias a Xunta , que xa se realizou .

2.-Solicita información sobre varios contratos menores adjudicado a Vicente Rey dado que non lle parece ético nin moral porque esta persoa foi na lista do PSOE e non é o único albanel existente no concello e pregunta si hai algún baremo para a súa contratación ou si se piden mais orzamentos

O alcalde responde que os expedientes son legais , non hai incompatibilidade e estes contratos solen ser pequenas obras de urxencia e por confianza e dispoñibilidade se contrata . Se sole falar con mais empresas pero para pequenas obras non están interesadas polo que xa non se invitan , sempre ahi unha memoria técnica das obras e moitas empresas non lle interesa o te dan un prazo de execución moi amplo e entende que eticamente era peor noutros gobernos municipais do goberno popular que facían as obras os concelleiros e non se protestaba porque quedaban ben as obras . O presuposta da obra , negociase sempre.

3. Pregunta pola situación do servizo de axuda no fogar , si está restablecido o servizo .

O Alcalde explica que aínda hai unha persoa de baixa , pero o servizo a grandes dependentes non se parou nunca e cando se suspende sempre é co acordo do usuario

4.- Pon en coñecemento da Alcaldía a necesidade de amañar a entrada ao Regueiro e a necesidade de amañar 300 metros da pista de Diaz

O alcalde explica que a pista de Diaz , é uha pista forestal e que un vehículo pasa .

A concelleira Amalia Diaz Rodriguez engade que soamente é preciso dous camións de zorra para eliminalos baches e que a xente poda pasar por alí , engade que é necesario amañar e non deixala así .

A concelleira Rocio Martinez Martinez afirma que pola pisa se pasa ben e que non recibiu ningunha crítica dos veciños .

5.- En relación ao campamento de verán , porque non se asesorou as asociacións , por que non se informou os medios de comunicación que o campamento non se realizou no Castro , a casa niño non podía ter autorización da Xunta porque soamente pode abrir a partir do 1 de setembro , non se podía facer un campamento de verán alí

O alcalde afirma que o campamento non se realizou en ningún local público , na conversa telefónica se falou dun local particular cando no teu comunicado falas dunha vivenda particular . Nun primeiro momento as asociacións barallaron facer o campamento no Castro pero o concello non podía asumir todo o realizado coa limpeza das instalación e as asociacións buscaron outra alternativa , na conversa telefónica falouse de que se chamara as asociacións para que te deran información , en relación os medios de comunicación tamén se lle dixo que

había so dous monitoras e eles publican que había tres .En relación o local , non ten que autorizalo o concello é unha actividade das asociacións ,o concello colabora con elas a través das subvencións nominativas

O concelleiro Alberto Rey Paz , explica que non se podía realizar na casa niño porque a Resolución do 4 de agosto de 2020 so autoriza a apertura a 01/09, na publicación puxouse que entendemos que o campamento é unha responsabilidade facelo como se fixo .

O alcalde engade que non se poden insinuar algunha cousas sobre a casa niño , o concello xa no ano 2016 apoiou outra casa niño que ao final non se fixo porque a interesada renunciou , hai necesidade de conciliar entende que se está pasando uns límites, e se quere , pode denunciar as asociacións . Ningún pai ou nai protestou polo campamento de que non cumpría medidas de seguridade , os nenos levaban mascarilla e ao mellor o gromo non foi no campamento senon nas súas casas , non se pode saber con certeza

O concelleiro Alberto Rey Paz afirma que consultou sobre si podía facer o campamento na casa niño e lle contestaron que como casa niño non podería estar aberta e dende sanidade e política social preguntaronme se tiña información sobre o gromo

O alcalde explica que este non é para debater nun pleno municipal , é un tema das asociacións e se queres información ,fala con elas que foron as organizadoras , o concello tiña coñecemento da actividade pero non se precisaba ningún permiso municipal e non se debe atacar a sua familia se non ten constancia de que comenteran un delito e que mellor que mire no seu entorno e anuncia que toda comunicación con el por escrito .

E non habendo mais asuntos que tratar , a Presidencia deu por rematada a sesión sendo as vinte e un horas e vinte minutos do dia vinte e e oito de agosto de 2020.Do que eu, como secretaria dou fe.